Concello de Ribeira

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 22 DE OUTUBRO DO 2026.

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE **Membros que asisten:** POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	**Interventor:** BAO CASTRO PABLO **Secretario Xeral:** SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL **Membros que non asisten:** BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ GOMEZ CARMEN

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e dous de Outubro do Dous mil vinte e seis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 15/10/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/199

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/10/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO CONCERTO DE NADAL DA ORQUESTRA SONS"

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/223

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 14/10/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DO PAVIMENTO E DA LIÑA DE ABASTECEMENTO NA AVENIDA DE FERROL. 1ª FASE""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/227

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 14/10/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DENOMINADO "SUMINISTRO RADARES PEDAGÓGICOS""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/235

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/10/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS DE "AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NO LUGAR DE CRISTAL""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/236

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/10/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO AO APARCADOIRO DA PRAIA DAS DUNAS""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/237

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/10/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DA RÚA MARIÑO DE RIVERA""

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/248

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/10/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "SUMINISTRO E INSTALACION DE LUMINARIAS EN PLAZA AYUNTAMIENTO""

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/249

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/10/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA""

10.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – María Otilia dos Santos dos Santos

Visto o escrito presentado por **María Otilia dos Santos dos Santos**, de data 16/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.600), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Castañas), o día 01/11/2026, no exterior do cemiterio de San Paio de Carreira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Autorizar** a **María Otilia dos Santos dos Santos** para a instalación dun posto de venda ambulante (Castañas), o día 01/11/2026, no exterior do cemiterio de San Paio de Carreira.
b) Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Miguel A. Jamardo Lafuente

Visto o escrito presentado por **Miguel A. Jamardo Lafuente**, de data 19/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.767), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante (Churros), no exterior dos cemiterios de Palmeira e Carreira/Aguiño, o día 01/11/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Autorizar** a **Miguel A. Jamardo Lafuente** para a instalación de dous postos de venda ambulante (Churros), no exterior dos cemiterios de Palmeira e Carreira/Aguiño, o día 01/11/2026.
b) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 29/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.897), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de 7 metros (Rosquiñas, gominolas e cafetaría), os días 24 e 25/10/2026, no exterior do pavillón da Fieiteira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante de 7 metros (Rosquiñas, gominolas e cafetaría), os días 24 e 25/10/2026, no exterior do pavillón da Fieiteira.
b) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

22935 17.09.2026 JOSÉ CAMEAN MARTÍNEZ, sustitución de alicatado tuberías de baño existente, enfoscar paramentos inferiores e sustitución (2026 COMU000424)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

19587 11.08.2026 MANUEL DIOS DIOS, reconstrucción de peches, no lugar de Sabartan, 15, Carreira. (2026 COMU000353)

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

2026 22359 11.09.2026 ANGEL LÓPEZ SOTO S.L., mantemento e conservación en dúas das cubertas (volumen nave de pota e desconxelados e volumen muelle de carga), no lugar de A Graña, Couso, Aguiño. (2026 COMU000413)

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

20945 31.08.2026 EVA FERNÁNDEZ DIOS, instalación acometida se auga para vivenda, na rúa de Galicia, nº 102 1º-A, Ribeira. (2026 COMU000390)

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

15138 18.06.2026 CLOB CENTRO ESPECIALIZADO EN LA MUJER S.L., obras menores para acondicionamento de local para implantación de actividade dedicado a centro especializado na muller, na rúa da Barreira, 1, baixo, Ribeira. (2026 COMU000268)

18.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE XEBRE, Nº 2, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA. PROMOTOR: FRANCISCO MANUEL CRUJEIRAS ROMERO.

VISTA a solicitude de licencia urbanística de obra maior para **DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR, LUGAR DE XEBRE, Nº 2, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA,** da que é promotor **D. FRANCISCO MANUEL CRUJEIRAS ROMERO**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **14 de outubro de 2026**

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** con sinatura dixital o día **15 de outubro de 2026**

VISTO o **informe** emitido con data **19 de outubro de 2026** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. FRANCISCO MANUEL CRUJEIRAS ROMERO LICENZA DE OBRAS (Nº 42/26)** para **DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR** sita no Lugar de Xebre nº 2, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A921003970000UH, nos termos do Proxecto de Demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de outubro de 2026 redactado polo arquitecto D. José Óscar Menor Tesouro, (arquitecto col. nº 2.510).

-Deberá adaptarse ó resto das determinacións técnica establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 14 de outubro de 2026.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra de demolición iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.

-A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciansе desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Carmen Regueira Regueira

Visto o escrito presentado por **Carmen Regueira Regueira**, de data 14/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.441), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A026004100000KA.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 14/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES
Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600025441 do día 14 de outubro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME
Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A026004100000KA, no seu plano 2.16 de Ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario a escala 1/5.000, como solo rústico común.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.

b) Muros de contención, así como valado de predios.

c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.

d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.

f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.

g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.

h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.

i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.

j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.

l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.

m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.

o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.

p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.

q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
    a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
    b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
    c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
    d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
    e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
    a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
    b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
    c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
    d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
    e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
    f. As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase, clasificada polo Plan de Ordenación do Litoral coma área de mellora ambiental e paisaxística.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela non conta con fronte a vial grafiado no PXOM e/ou incluído no inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Ribeira.

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Manuel Parada Suárez

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Parada Suárez**, de data 15/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.513), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A902019430000UT, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 16/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A902019430000UT, neste termo municipal <u>non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.</u>**

21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

2013619.08.2026 AS SAIÑAS, S.L., comunicación previa de primeira ocupación parcial de construcción de bloque de vivendas plurifamiliar no lugar de As Saiñas, Ribeira. (2026 LIC-000068)

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

22.- DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE LOCAL. REFª CATASTRAL: 0714601NH0101S0005FE. SITUACIÓN: RÚA MONUMENTO N.º 1, ENTREPLANTA, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ ANTONIO GÓMEZ DOMÍNGUEZ, (DNI ***581*)**

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE LOCAL** con ref catastral **0714601NH0101S0005FE, Lugar de RÚA MONUMENTO N.º 1, ENTREPLANTA, RIBEIRA** da que é promotor **D. JOSÉ ANTONIO GÓMEZ DOMÍNGUEZ, (DNI ***581***),**

VISTO o **informe** emitido con data **16 de outubro de 2026** polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo.

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **19 de outubro de 2026**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- DECLARAR A INNECESARIEDADE DA LICENZA DE SEGREGACIÓN do **local comercial** cunha superficie de **191,00 m2** solicitada por **D. José Antonio Gómez Domínguez**, emprazado na Rúa Monumento n.º 1, Entreplanta, Ribeira con refª catastral nº **0714601NH0101S0005FE**, nos termos do Plano do local de setembro de 2026 redactado por D. José Antonio Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169), resultando finalmente tres locais do seguinte modo:

-Local A de 71,00 m2,
-Local B de 49,00 m2,
-Local C de 71,00 m2.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmobles.

TERCEIRO.- Asimesmo a declaración de innecesariedade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariedade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

CUARTO:- **NOTIFICAR** o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

23.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. DARÍO TRILLO LEMA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE Dª Mª BEATRIZ PLACER PÉREZ, POLOS DANOS CAUSADOS NA SÚA PROPIEDADE POR MOR DA PODA E TALA DUNHAS ÁRBORES. EXPEDIENTE 2025 RESP000029.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. DARÍO TRILLO LEMA** en nome e representación de **Dª Mª BEATRIZ PLACER PÉREZ,** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/07/2025, co número 202500017633, D. Darío Trillo Lema, en nome e representación de Dª Mª Beatriz Placer Pérez, promoven reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 15/08/2024 na súa propiedade, sita no lugar de Moldes, parroquia de Palmeira, do municipio de Ribeira, ó caer enriba da mesma as ramas dunhas árbores, polas labores de poda e tala que estaban a realizar operarios por conta do Concello na finca contigua á propiedade da Sra. Placer Pérez.

Co seu escrito de reclamación, no que demanda unha indemnización de 2.153,80 euros mais os xuros que legalmente lle correspondan, achega a seguinte documentación:

- Escrito de autorización de representación da Sra. Placer Pérez a favor do Sr. Trillo Lema, asinado na data 25/03/2025..
- DNI da Sra. Placer Pérez.
- Informe pericial emitido na data 07/03/2025 polo perito Borja Martínez Marentes.
- Orzamento da reparación dos danos, emitido por "*Obras y contratas Rivademar*" pola contía total de 2.565,20 euros.
- Oito fotografías do dos danos sufridos.
- Copia do Atestado nº 2024-006018-00000215 emitido pola Garda Civil na data 12/11/2024.

Segundo.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/11/2025 co número 202500028015, e a requirimento desta Administración ó non ter acreditado a titularidade do ben danado, a reclamante achega a seguinte documentación:

- Escrito de autorización de representación da Sra. Placer Pérez a favor do Sr. Trillo Lema, asinado na data 25/03/2025.
- DNI da Sra. Placer Pérez.
- Copia de certificado de adxudicación do ben inmoble con referencia catastral 15074A838005650000ZR e CRU 15011000601427, a favor da entidade "*Alonso Escuris S.L.*" con CIF B15070717, emitido na data 26/10/2023 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

- Escrito do Rexistro da Propiedade de Noia no que se dispón que na data 11/12/2023 procedeuse a practicar a inscrición da finca CRU 15011000601427 a favor da sociedade "*Alonso Escurís, S.L.*" por título de adxudicación en poxa pública.
- Xustificación da presentación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados en relación ó inmoble referido.
- Copia de Nota Simple en relación co inmoble de referencia catastral 15074A838005650000ZR, expedida polo Rexistro da Propiedade de Noia na data 11/12/2023, na que consta como titular do mesmo a sociedade "*Alonso Escurís S.L.*".

No citado escrito, solicita a emenda da persoa reclamante, interesando que se continúe o procedemento administrativo sendo a entidade reclamante "*Alonso Escurís S.L.*".

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 18/03/2026 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 30/03/2026 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.
- Escrito presentado pola reclamante, rexistrado de entrada na data 31/03/2026 co número 20267474, de declaración de non indemnización.
- Informe emitido na data 28/07/2026 pola administrativa xefa do departamento de intervención.
- Informe emitido na data 29/07/2026 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles.

A este respecto, consta presentado escrito de alegacións por parte da reclamante (rexistrado de entrada na data 23/09/2026 co número 202623590), e no que reitera a súa petición inicial.

Así mesmo, consta escrito de alegacións da entidade Mapfre, en concepto de entidade aseguradora do Concello de Ribeira, no que consideran que non existe nexo causal polo que non pode recoñecerse a existencia de responsabilidade do Concello de Ribeira, entendendo que debe desestimarse a reclamación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso**, e no que respecta ó prazo para o exercicio da acción indemnizatoria,** compre precisar que existe unha contradición e falta de exactitude da data na que sucederon os feitos xa que, no escrito de reclamación presentado neste Concello, a reclamante indica que os feitos sucederon o día 15/08/2024, mentres que na dilixencia de comparecencia efectuada ante a Garda Civil e que achega co seu escrito de reclamación, declara que: "*Estos hechos ocurrieron entre el 07-10-2024 19:00 y el 07-10-*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

2024 20:00 (...)". Aínda así, e tomando como referencia calquera das datas mencionadas, a reclamación estaría presentada dentro do prazo conferido para elo (un ano de producido o feito ou acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo), xa que a reclamación foi presentada na data 20/07/2025.

Actúa representada por D. Dario Trillo Lema que acredita debidamente a representación coa que actúa.

A lexitimación pasiva corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da parcela na que, ó parecer, se situaban as árbores que caeron sobre a finca obxecto deste expediente. A este respecto a enxeñeira municipal, no seu informe emitido na data 29/07/2026 dispón o seguinte: "*Según datos obrantes en esta Administración, la finca objeto de la reclamación es la finca con referencia catastral 15074A838005650000ZR, que linda por el viento Sur con la finca con referencia catastral 15074A838005640000ZK. Esta última finca fue adquirida por el Ayuntamiento de Ribeira como consecuencia de un expediente de expropiación forzosa por el procedimiento de tasación conjunta para la ejecución del nuevo polígono industrial de Ribeira (Expte 2022 PATR000004), firmándose el Acta de pago y ocupación de la mencionada parcela con fecha 14/03/2024. Como consecuencia el Ayuntamiento de Ribeira como titular de la parcela con referencia catastral 15074A838005640000ZK, es la administración competente para su conservación y mantenimiento."*

Non obstante, **a reclamante non cumpre o requisito da lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación.** Esta carencia foi obxecto de cuestión durante o desenvolvemento do procedemento administrativo, pois requiriuse á reclamante a presentación da documentación acreditativa da titularidade do inmoble danado, documentación que foi presentada mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/11/2025, e na que se acredita que o titular do inmoble é a entidade "*Alonso Escurís SL.",* en virtude de certificación administrativa expedida o día 26/10/2023 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, procedendo á súa inscrición no Rexistro da Propiedade na data 11/12/2023, polo que na data na que ó parecer sucederon os feitos, 15 de agosto de 2024, o inmoble que resultou danado non era propiedade da Sra. Placer Pérez.

Así mesmo, a propia enxeñeira municipal advirte no seu informe que, no expediente de expropiación, consta que a finca con referencia catastral 15074A8380056500000ZR é propiedade da entidade mercantil "*Alonso Escurís S.L.",* con CIF número B15070717.

Por outra banda, a solicitude que fai a reclamante no escrito rexistrado de entrada na data 21/11/2025, interesando a emenda da persoa reclamante e que se continúe o procedemento sendo a entidade reclamante Alonso Escurís S.L., non pode aceptarse como algo factible no procedemento administrativo, pois ten que ser o propio titular do dereito o que formule a solicitude en cuestión, neste caso a solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial, ben en nome propio ou por medio de representante, que deberá acreditar debidamente a representación coa que actúa (artigos 4 e 5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), o que non sucede neste caso.

Polo exposto, **ó non acreditar a titularidade do inmoble por parte da Sra. Placer Pérez ós efectos de reclamar os danos ocasionados no mesmo, procede a desestimación da reclamación por falta de lexitimación activa.**

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

15/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Darío Trillo Lema, en nome e representación de Dª Mª Beatriz Placer Pérez, polos motivos e fundamentos antes expostos.

24.- ALUGUEIRO DE PARCELAS SITAS NO LUGAR DE CATICOVAS, PARROQUIA DE PALMEIRA, PARA O SEU USO COMO APARCADOIRO MUNICIPAL. EXPEDIENTE 2026 PATR000015

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Por Providencia da Alcaldía de data 09/10/2026, resolveuse a incoación de expediente administrativo para alugar os inmobles de referencias catastrais *15074A036014280000KE, 15074A036014290000KJ e 15074A036014300000KS*, sitos no lugar de Caticovas, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, para o seu uso como aparcadoiro municipal temporal de vehículos.
2. Na data 09/10/2026 emítese informe de valoración polo arquitecto municipal.
3. Mediante escrito rexistrado de entrada na data 13/10/2026 co número 202625269, Dª Remigia Fernández Santiago, propietaria do inmoble con referencia catastral 15074A036014290000KS, presenta oferta do aluguer da parcela por un total de 1.233,6 euros ó ano mais o IVE, propoñendo que a duración do contrato fose por dous anos, prorrogable de ano en ano, ata un máximo de 4 anos.
4. Mediante escrito rexistrado de entrada na data 14/10/2026 co número 202625353, D. Jorge Juan Corral Pazos, propietario do inmoble con referencia catastral 15074A036014300000KJ, presenta oferta do aluguer da parcela por un total de 2.932,8 euros ó ano mais o IVE, propoñendo que a duración do contrato fose por dous anos, prorrogable de ano en ano, ata un máximo de 4 anos.
5. Mediante escrito rexistrado de entrada na data 15/10/2026 co número 202625507, D. Manuel Joaquín Brión Gago, propietario do inmoble con referencia catastral 15074A036014280000KE, presenta oferta do aluguer da parcela por un total de 2.520,96 euros ó ano mais o IVE, propoñendo que a duración do contrato fose por dous anos, prorrogable de ano en ano, ata un máximo de 4 anos.
6. Na data 19/10/2026 emítese, pola Sra. Alcaldesa, memoria xustificativa do seu arrendamento directo.
7. Na data 19/10/2026 emítese informe xurídico sobre o arrendo en cuestión, e en relación ás ofertas presentadas pola propiedade.
8. Na data 19/10/2026 o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable no que fai constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 133.20200, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente é 2.784.561,85 euros.
9. Así mesmo, consta no expediente a seguinte documentación:
   - Consulta descritiva e gráfica de datos catastrais dos bens inmobles.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

- Titulo de propiedade da parcela 1428: escritura de aceptación e partición de herdanza autorizada polo Notario que foi da Pobra do Caramiñal, D. José Ignacio Feijoo Juarros, na data 02/10/1.995, co número 929 de protocolo.
- Título de propiedade da parcela 1429: escritura de testamento aberto, autorizado pola Notaria de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, na data 05/12/2019, co número 1.165 de protocolo.
- Título de propiedade da parcela 1430: Escritura de entrega de legados e adxudicación de herdanza, autorizada pola Notaria de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, na data 15/10/2021, co número 1.642 de protocolo.
- DNI de D. Manuel Joaquín Brión Gago.
- DNI de Dª Remigia Fernández Santiago.
- DNI de D. Jorge Juan Corral Pazos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Código Civil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *"1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens."*

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considera necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Continúa dicindo o citado artigo que as propostas de arrendamento, así como as de novación e prórroga, serán sometidas a informe técnico, que recollerá o correspondente estudo de mercado, e da Avogacía do Estado ou do órgano ó que corresponda o asesoramento xurídico das entidades vinculadas á Administración Xeral do Estado. No caso de arrendamentos a concertar pola Administración Xeral do Estado, a solicitude do Ministerio virá acompañada da oferta do arrendador e do informe técnico previsto no apartado anterior. A formalización dos contratos de arrendamento da Administración Xeral do Estado e as súas modificacións efectuarase polo Director Xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue. Non obstante, o Ministerio de Facenda, ó acordar o arrendamento, ou a súa novación, poderá encomendar a formalización destes contratos ós subsecretarios dos departamentos ministeriais.

Cítase así mesmo, o artigo 27.1 do Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas, referido á documentación e procedemento para a adquisición directa de inmobles e dereitos sobre os mesmos, que tamén podería aplicarse ó arrendamento directo de inmobles:

"*1. No procedemento de adquisición directa de bens inmobles e dereitos sobre os mesmos, deberá aportarse ó expediente a memoria prevista no artigo 116 da Lei, na que se xustificarán debidamente as causas polas que se acode a dito procedemento de conformidade co previsto no citado artigo. Á memoria unirase a seguinte documentación:*

a) A relativa á personalidade de quén ofrece o inmoble ou dereito cuxa adquisición interesa, e do seu representante no seu caso. Si se tratara dunha Administración Pública, aportarase a documentación que acredite a súa oferta, así como o cumprimento da normativa correspondente.

b) A identificativa do inmoble ou dereito, tanto técnica, como xurídica, e a xustificativa da súa titularidade, incluíndo no seu caso certificación catastral e rexistral.

c) Certificado de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, así como a correspondente aprobación do gasto e fiscalización, ou documentación contable correspondente.

d) A oferta de venda con expresión do prezo, do prazo de duración da oferta e das condicións do contrato."

SEGUNDA.- No referente á competencia para acordar o arrendamento, estase ao referido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, que dispón que nas entidades locais corresponde ao Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados. Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor. O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

TERCEIRA.- No caso que nos ocupa, trátase do arrendamento dos inmobles de referencias catastrais *15074A036014280000KE, 15074A036014290000KS e 15074A036014300000KJ*, cuxa análise dos diferentes aspectos a ter en conta realízanse a continuación:

a) Situación de regularidade dos inmobles:

A) Parcela 1428:

- *Descrición: Labradío denominada "VILAR", sito en el lugar de Vilar, de la superficie de un ferrado e unha conca, equivalente a cincocentos vinte e cinco metros e dous decímetros cadrados. Linda: Norte, camiño; Sur, Manuel Fernández Rial e María Pazos; Este, María Pazos; e Oeste, Josefa Fernández García.*
- *Titular: D. Manuel Joaquín Brión Gago, con DNI número 78.780.063-A.*
- *Título: Aceptación e partición de herdanza, autorizada polo Notario que foi da Pobra do Caramiñal, D. José Ignacio Feijjo Juarros, mediante escritura de data 02/10/1.995, co número 929 de protocolo.*
- *Referencia catastral: 15074A036014280000KE.*
- *Inscrición: Non constan datos da súa inscrición.*
- *Clasificación do solo: Urbano*
- *Cargas: Non constan.*

B) Parcela 1429:

- *Descrición: Parcela situada na Rúa de Galicia, lugar de Caticovas, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, dunha superficie de 257 metros cadrados, que linda: Norte, parcela 1428 do polígono 36; Sur, estrada AC-550; Este, parcela 1430 do polígono 36; e Oeste, parcela 1424 do polígono 36.*
- *Titular: Dª Remigia Fernández Santiago, con DNI número 76.489.289-Y.*
- *Título: Testamento aberto, autorizado pola Notaria de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, mediante escritura de data 05/12/2.019, co número 1.165 de protocolo.*
- *Referencia catastral: 15074A036014290000KS.*
- *Inscrición: Non constan datos da súa inscrición.*
- *Clasificación do solo: Urbano.*
- *Cargas: Non constan.*

C) Parcela 1430:

- *Descrición: URBANA: "AGRO DE CATICOBAS", denominada tamén "VILAR" ou "CATICOBAS", a labradio, no lugar de Vilar, de seis áreas con oitenta e cinco centiáreas (superficie gráfica catastal: 611 metros cadrados). Linda: Norte, María Josefa Pérez; Sur, herdeiros de Francisco Olveira e Manuel Fernández Rial, hoxe estrada; Este, estrada, e Oeste, herdeiros de Francisco Olveira e camiño.*
- *Titular: D. Jorge Juan Corral Pazos, con DNI número 52.450.221-D.*
- *Título: Entrega de legados e adxudicación de herdanza, autorizada pola Notaria de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, mediante escritura de data 15/10/2.021, co número 1.642 de protocolo.*
- *Referencia catastral: 15074A036014300000KJ.*
- *Inscrición: Non constan datos da súa inscrición.*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

- *Clasificación do solo: Urbano.*
- *Cargas: Non constan*

Á vista do exposto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmoble cuxo arrendamento se pretende.

b) Actuacións formais.

En relación ás actuación formais necesarias para proceder ao arrendamento do ben inmoble, **consta no expediente informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 09/10/2026.**

Neste informe disponse que estas parcelas teñen, en conxunto, o valor aproximado de 107.280,00 euros, resultado da suma dos seguintes valores:

- Parcela 15074A036014280000KE: 80 euros/m2 x 473 m2 = 37.840,00 euros.
- Parcela 15074A036014290000KS: 80 euros/m2 x 257 m2 = 20.560,00 euros.
- Parcela 15074A036014300000KJ: 80 euros/m2 x 611 m2 = 48.880,00 euros.

Compre dicir que, en canto ao prezo do contrato e ante a falla de regulación expresa de este tipo de negocio xurídico, poderíase acudir, por analoxía, ao artigo 92.2 do RB, que dispón: "*En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens*". Neste caso, aplicando o criterio recollido no citado artigo en sentido inverso, e tendo en conta que o canon ao que se refire, ao non especificar nada, enténdese que é anual, o valor do arrendamento resultaría o referido a continuación, no que se pode apreciar que os prezos polos que as propiedades dos inmobles ofertan o arrendamento dos mesmos, están por riba do valor anual en aplicación do artigo 92.1 do RB. No obstante, e como xa se expuxo, pódese acudir á norma citada por analoxía, co obxecto de ter unha estimación de cal é o prezo obxectivo e non abusivo do contrato, sen que a mencionada norma se considere vinculante a efectos de fixación do prezo daquel (hai que ter en conta que o aumento do prezo en relación ó valor resultante da aplicación do artigo 92.1 débese ó ter que engadirlle o IVE):

A) Parcela 1428:

Polo que se refire a esta parcela, cómpre ter en conta que o propietario oferta o prezo en relación á superficie da finca que consta na súa escritura de propiedade, que son 525,2 m2 e non 473 m2 que é a superficie que aparece no catastro.

Ademais, ó prezo ofertado hai que engadirlle o IVE, o que suporía ó ano un total de 3.050,36 euros ó ano (2.520,96 euros do principal + 529,4 euros de IVE).

Tomando como referencia a superficie de 525,2 m2 resulta o seguinte:

Valor total	Valor anual	Valor mensual
42.000 euros	2.520 euros	210 euros/ mes

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

B) Parcela 1429:

En relación a esta parcela, en canto ó prezo, sucede o mesmo que a anterior, xa que ó prezo ofertado hai que engadirlle o IVE, o que suporía un total de 1.492,6 euros ó ano (1.233,6 euros do principal + 259,056 euros de IVE).

Valor total	Valor anual	Valor mensual
20.560 euros	1.233,6 euros	102,8 euros/ mes

C) Parcela 1430:

Nesta parcela tamén hai que ter en conta o IVE, que non aparece reflectido na oferta que realiza o propietario. Así, co IVE, resultaría un total de 3.548,6 euros ó ano (2.932,8 do principal + 615,8 euros de IVE).

Valor total	Valor anual	Valor mensual
48.880 euros	2.932,8 euros	244,4 euros/ mes

A especial idoneidade do inmoble resulta acreditada na memoria xustificativa asinada pola Sra. Alcaldesa na data 19/10/2026 na que se dispón o seguinte: "*Este Concello precisa dispoñer dos inmobles que nos ocupan para o seu uso como aparcadoiro municipal, por canto son moi escasas as zonas destinadas a aparcadoiro de vehículos, o que dificulta enormemente o estacionamento para os/as veciños/as. D. Manuel Joaquín Brión Gago, Dª Remigia Fernández Santiago e D. Jorge Juan Corral Pazos, propietarios dos referidos inmobles, presentan ofertas de aluguer polos prezos antes referidos, polo prazo de dous anos, prorrogables de ano en ano ata o máximo de 4 anos. En relación ós devanditos inmobles parece legalmente admisible e perfectamente razoable, dadas as circunstancias concorrentes, o arrendamento directo do mesmo dada a súa necesidade, peculiaridades e as circunstancias concorrentes seguintes:*

- *Falta de terreo público na zona de Caticovas, parroquia de Palmeira, para o seu uso como aparcadoiro municipal. Esta carencia acrecéntase coa eliminación do arcén na estrada AC-550 por mor das obras de construción dun carril bici que se están a realizar nesta estrada, o que suprime zonas de aparcadoiro.*
- *Características da parcela: As tres parcelas lindan entre si, o que supón unha superficie total de 1.393 metros cadrados de zona de aluguer; atópanse sen ningunha edificación; conta con fácil acceso xa que, as parcelas 1429 e 1430 lindan polo seu vento Sur coa estrada AC-550; e están situadas moi preto do cemiterio municipal de Palmeira, servizo que conta con pouco espazo público destinado a aparcadoiro.*

Xunto ó referido é preciso sinalar que non existen pola zona que nos interesa outro inmoble con estas características que estea dispoñible, polo que non é posible a concorrencia na licitación e sendo a adxudicación directa o único procedemento viable para o seu arrendamento."

c) Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente.

En informe emitido na data 19/10/2026, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para o arrendamento que se pretende.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

d) <u>Posibilidade de concertar o arrendo directo.</u>

De conformidade co artigo 124 da Lei 33/2003 antes citado, pode concertarse o arrendo de modo directo, ao xustificarse a especial idoneidade do inmoble.

e) <u>Órgano competente.</u>

De conformidade co informe de Intervención en relación á porcentaxe do 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto, e tendo en conta o prezo total do contrato co importe anual (6.687,36 euros máis IVE o que fai un total de 8.091,71 euros ó ano), o órgano competente para acordar a presente contratación é o Alcalde, xa que a contía do contrato non supera a porcentaxe indicada, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo órgano competente.

Por elo, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/10/2026, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

<u>PRIMEIRO.-</u> Arrendar os inmobles coas referencias catastrais *15074A036014280000KE, 15074A036014290000KJ e 15074A036014300000KS*, descritos na consideración xurídica terceira apartado a), polo prezo referido na consideración xurídica terceira apartado b), e con suxeición ás seguintes cláusulas:

1º OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do contrato o arrendamento dos inmobles descritos a continuación, para o seu uso como aparcadoiro municipal:

<u>Parcela 1428:</u>

- *<u>Descrición</u>: Labradío denominada "VILAR", sito en el lugar de Vilar, de la superficie de un ferrado e unha conca, equivalente a cincocentos vinte e cinco metros e dous decímetros cadrados. Linda: Norte, camiño; Sur, Manuel Fernández Rial e María Pazos; Este, María Pazos; e Oeste, Josefa Fernández García.*
- *<u>Titular:</u> D. Manuel Joaquín Brión Gago, con DNI número 78.780.063-A.*
- *<u>Título</u>: Aceptación e partición de herdanza, autorizada polo Notario que foi da Pobra do Caramiñal, D. José Ignacio Feijjo Juarros, mediante escritura de data 02/10/1.995, co número 929 de protocolo.*
- *<u>Referencia catastral</u>: 15074A036014280000KE.*
- *<u>Inscrición:</u> Non constan datos da súa inscrición.*
- *<u>Clasificación do solo</u>: Urbano*
- *<u>Cargas</u>: Non constan.*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Parcela 1429:

- *Descrición: Parcela situada na Rúa de Galicia, lugar de Caticovas, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, dunha superficie de 257 metros cadrados, que linda: Norte, parcela 1428 do polígono 36; Sur, estrada AC-550; Este, parcela 1430 do polígono 36; e Oeste, parcela 1424 do polígono 36.*
- *Titular: Dª Remigia Fernández Santiago, con DNI número 76.489.289-Y.*
- *Título: Testamento aberto, autorizado pola Notaria de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, mediante escritura de data 05/12/2.019, co número 1.165 de protocolo.*
- *Referencia catastral: 15074A036014290000KS.*
- *Inscrición: Non constan datos da súa inscrición.*
- *Clasificación do solo: Urbano.*
- *Cargas: Non constan.*

Parcela 1430:

- *Descrición: URBANA: "AGRO DE CATICOBAS", denominada tamén "VILAR" ou "CATICOBAS", a labradio, no lugar de Vilar, de seis áreas con oitenta e cinco centiáreas (superficie gráfica catastal: 611 metros cadrados). Linda: Norte, María Josefa Pérez; Sur, herdeiros de Francisco Olveira e Manuel Fernández Rial, hoxe estrada; Este, estrada, e Oeste, herdeiros de Francisco Olveira e camiño.*
- *Titular: D. Jorge Juan Corral Pazos, con DNI número 52.450.221-D.*
- *Título: Entrega de legados e adxudicación de herdanza, autorizada pola Notaria de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, mediante escritura de data 15/10/2.021, co número 1.642 de protocolo.*
- *Referencia catastral: 15074A036014300000KJ.*
- *Inscrición: Non constan datos da súa inscrición.*
- *Clasificación do solo: Urbano.*
- *Cargas: Non constan*

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, a teor do disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En todo o non previsto nas cláusulas do contrato, este rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, con carácter preferente, pola lexislación patrimonial contida no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, na Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e, en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

2º NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

A necesidade que pretende cubrirse co contrato ven determinada nos informes que forman parte do expediente administrativo, isto é, a carencia de espazo público na zona na que se localizan os inmobles para o seu destino como aparcadoiro, polo que o arrendamento ten como fin destinalos referidos inmobles a aparcadoiro municipal.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

3º PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato é de 2 anos, a contar desde a data 23/10/2026.

Transcorrido o prazo de dous anos o contrato quedará automaticamente extinguido sen necesidade de comunicación previa á parte arrendadora, agás prórroga expresa e por escrito de ambas partes que deberá realizarse cun mes de antelación á data de finalización do arrendamento. A estes efectos, o contrato poderá prorrogarse por prazos de 1 ano cada prórroga, e ata o prazo máximo de 4 anos, en total.

4º FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato de arrendamento producirase en documento administrativo, se ben a parte arrendadora poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública autorizada por Notario, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos do acordo ou resolución municipal no que se determine a aprobación deste arrendamento.

5º PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 3.050,36 euros anuais, IVE incluído, no que respecta á parcela 1428 propiedade do Sr. Manuel Joaquín Brión Gago; de 1.492,6 euros anuais, IVE incluído, no que respecta á parcela 1429 propiedade da Sra. Remigia Fernández Santiago; e de 3.548,6 euros anuais, IVE incluído, no que respecta á parcela 1430 propiedade do Sr. Jorge Juan Corral Pazos, que se abonará ó/á arrendador/a a ano vencido, mediante transferencia bancaria das referidas cantidades ás contas bancarias designadas polos arrendadores: .....

Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do trimestre seguinte ao que corresponda.

Na súa factura electrónica deberá indicar os seguintes campos:

Oficina contable: L01150737

Órgano xestor: L01150737

Unidade tramitadora: L01150737

Referencia do contrato: (*) 2026/PATR000015

(*) No programa de Facturación Electrónica subministrado polo Ministerio de Facenda e Administracións Publicas (Factura e) este campo denomínase "Ref. Receptor" e encóntrase dentro do apartado "Datos de Pago"

6º DEREITOS E OBRIGAS

6.1. Do/a arrendador/a.

O/a arrendador/a ten dereito a percibir o importe do arrendamento do inmoble.

O/a arrendador/a terá a obriga de manter a vixencia do contrato polo prazo estipulado de 2 anos, prorrogables por prazos de 1 ano, e ata o prazo máximo de 4 anos, sen que poida, pola súa única vontade e sen causa legal xustificada, proceder á rescisión do contrato con anterioridade ó referido prazo, sen prexuízo do disposto na cláusula 8ª en relación á resolución do contrato.

O/a arrendador/a terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.554 do Código Civil:

- *A entregar á parte arrendataria a cousa obxecto do contrato.*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

- *A facer nela durante o arrendamento todas as reparacións necesarias a fin de conservala en estado de servir para o uso ó que se destina.*
- *A manter ó arrendatario no goce pacífico do arrendamento por todo o tempo do contrato.*

6.2. Do/a arrendatario/a.

O/a arrendatario/a deberá abonar o prezo do arrendamento nos termos convidos.

O/a arrendatario/a asumirá tamén a realización e o custo da adaptación do inmoble para o uso ó que se destina.

O Concello, como arrendatario, utilizará o inmoble, única e exclusivamente, para destinalo ao uso público de aparcadoiro municipal, mantendo o inmoble en perfectas condicións.

O arrendatario non poderá subarrendar, total nin parcialmente o inmoble nin ceder o contrato, sen expreso consentimento por escrito da parte arrendadora. Aínda en tales casos, o arrendatario será responsable do cumprimento da presentes condicións polo subarrendatario, incluso do pago do prezo do contrato.

O/a arrendatario terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.555 do Código Civil.

7ª MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderá modificarse por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido no artigo 203 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8ª RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ó realizarse por prazo determinado (2 anos a contar desde o 23/10/2026), o arrendamento conclúe o día do cumprimento do prazo de 2 anos, isto é, o dia 23 de outubro de 2028, sen necesidade de requirimento nin comunicación previa. No caso de acordarse á/s prórroga/s do contrato, este concluíra o día do cumprimento da/s referida/s prórroga/s, sen necesidade de requirimento nin comunicación previa.

A extinción por transcurso do termo convido do arrendamento do inmoble non dará lugar a indemnización.

O contrato tamén poderán resolverse antes de cumprirse o prazo pactado por calquera das partes, para o que se deberá avisar por escrito á outra parte cunha antelación de 3 meses.

O incumprimento por calquera das partes das obrigas resultantes do contrato dará dereito á parte que incumprira as súas a esixir o cumprimento da obriga ou a promover a resolución do contrato de acordo co disposto no artigo 1.124 do Código Civil.

Ademais, a parte arrendadora poderá resolver de pleno dereito o contrato polas seguintes causas:

- *A falta do abono da renda ou, no seu caso, de calquera das cantidades cuxo pago asumira ou corresponda á parte arrendataria.*
- *O subarrendo ou a cesión non consentidos.*
- *A realización de danos causados dolosamente no inmoble ou de obras non consentidas pola parte arrendadora cando o consentimento desta sexa necesario.*
- *Cando no inmoble teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Do mesmo modo, a parte arrendataria poderá resolver o contrato polas seguintes causas:

- *A non realización pola parte arrendadora das reparacións que non sexan obriga da parte arrendataria.*
- *A perturbación de feito ou de dereito que realice a parte arrendadora na utilización do inmoble.*
- *Pola perda do inmoble arrendado por causa non imputable á parte arrendadora.*
- *Pola declaración firme de ruína acordada pola autoridade competente.*

9ª OPCIÓN DE COMPRA

Non se admite a posibilidade de opción de compra no presente contrato.

10ª XURISDICCIÓN COMPETENTE

A orde xurisdicional contencioso-administrativo será competente para coñecer as cuestións derivadas da preparación e adxudicación do contrato.

A orde xurisdicional civil será competente para coñecer as cuestións derivadas dos efectos e extinción do contrato.

SEGUNDO.- Anotar o arrendo no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Atender ao cumprimento do contrato de arrendamento con cargo á aplicación correspondente do orzamento municipal vixente.

CUARTO.- Facultar á Alcaldesa para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as.

25.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA 5ª DO CONTRATO. PROCEDEMENTO: ALUGUEIRO DE PARCELA EN CASTIÑEIRAS PARA O SEU USO COMO APARCADOIRO MUNICIPAL, PROPIEDADE DA ENTIDADE "INVERSIONES MARUXÍA S.L." EXPEDIENTE 2026 PATR000008

En relación ao asunto de referencia, emito o seguinte INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 18/06/2026, acordou arrendar o inmoble de referencia catastral *15074A019008540000KW,* denominado "*REVOLTA*" ou "*PEDRA DA RAYA*", sito na parroquia de Castiñeiras, municipio de Ribeira, para o seu uso como aparcadoiro municipal temporal de vehículos, propiedade da entidade "INVERSIONES MARUXÍA S.L.".
2. Na data 30/06/2026 asínase o correspondente contrato de arrendamento entre o Concello de Ribeira e a propiedade da citada parcela.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

3. No referido contrato a cláusula 5ª dispón o seguinte:

5º PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 100,84 euros mensuais, IVE incluído, que se abonará ó arrendador a trimestre vencido, mediante transferencia bancaria da referida cantidade á seguinte conta bancaria designada polo arrendador: ES1200497755812410021777.

Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do trimestre seguinte ao que corresponda.

Na súa factura electrónica deberá indicar os seguintes campos:
Oficina contable: L01150737
Órgano xestor: L01150737
Unidade tramitadora: L01150737
Referencia do contrato: (*) 2026/PATR000008

(*) No programa de Facturación Electrónica subministrado polo Ministerio de Facenda e Administracións Publicas (Factura e) este campo denomínase "Ref. Receptor" e encóntrase dentro do apartado "Datos de Pago"

4. Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/10/2026 co número 202625757, D. Andrés Manuel Santos Sanles, en nome e representación da entidade "*Inversiones Maruxía S.L.",* solicita a modificación da cláusula 5ª do contrato de arrendamento asinado co Concello, no sentido de que é a súa vontade que o prezo do contrato se lle aboe de forma anual, é dicir, a ano vencido.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Código Civil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *"1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens."

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considera necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Continúa dicindo o citado artigo que as propostas de arrendamento, así como as de novación e prórroga, serán sometidas a informe técnico, que recollerá o correspondente estudo de mercado, e da Avogacía do Estado ou do órgano ó que corresponda o asesoramento xurídico das entidades vinculadas á Administración Xeral do Estado. No caso de arrendamentos a concertar pola Administración Xeral do Estado, a solicitude do Ministerio virá acompañada da oferta do arrendador e do informe técnico previsto no apartado anterior. A formalización dos contratos de arrendamento da Administración Xeral do Estado e as súas modificacións efectuarase polo Director Xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue. Non obstante, o Ministerio de Facenda, ó acordar o arrendamento, ou a súa novación, poderá encomendar a formalización destes contratos ós subsecretarios dos departamentos ministeriais.

No caso que nos ocupa, trátase dunha modificación do contrato referida á temporalidade do abono do prezo, solicitada polo propio arrendador, e no que a contía do prezo pactada pasaría a abonarse a ano vencido en vez de a trimestre vencido, para o que non se aprecia ningún inconveniente desde o punto de vista legal ou xurídico.

SEGUNDO.- O órgano competente para acordar a modificación instada polo arrendador, é a Xunta de Goberno Local como órgano que acordou o arrendamento do inmoble propiedade de "*Inversiones Maruxía S.L."* , ó ter delegada esta competencia en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Por elo, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Modificar a cláusula 5ª do contrato de arrendamento do inmoble coa referencia catastral *15074A019008540000KW*, propiedade de "*Inversiones Maruxía S.L.",* asinado na data 30/06/2026, que quedaría tal e como se indica a continuación:

5ª PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 100,84 euros mensuais, IVE incluído, que se abonará ó arrendador a ano vencido, mediante transferencia bancaria da referida cantidade á seguinte conta bancaria designada polo arrendador: ES1200497755812410021777.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do mes seguinte ó remate do ano que corresponda.

Na súa factura electrónica deberá indicar os seguintes campos:

Oficina contable: L01150737

Órgano xestor: L01150737

Unidade tramitadora: L01150737

Referencia do contrato: (*) 2026/PATR000008

(*) No programa de Facturación Electrónica subministrado polo Ministerio de Facenda e Administracións Publicas (Factura e) este campo denomínase "Ref. Receptor" e encóntrase dentro do apartado "Datos de Pago"

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldesa para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as.

26.- PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (RESERVADA PARA A MOBILIDADE HORIZONTAL) EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2026. EXPEDIENTE 2026 PSEL0000035

En relación ao asunto de referencia, emito o seguinte informe-proposta, con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Pleno do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data 26/01/2026, acordou delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de policía local do Concello de Ribeira, agás as referidas ós auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia do convenio.

Como consecuencia do referido acordo plenario, en febreiro de 2026 procedeuse á sinatura do "*Convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira*", cuxa vixencia é ata un máximo de catro anos de duración.

Entre as obrigas que asume o Concello de Ribeira está a de comunicar á AGASP, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertenzan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2º.- Por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026 resolveuse a aprobar a oferta de emprego público do Concello de Ribeira para o ano 2026, que comprende, entre outras, unha praza

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

de POLICÍA LOCAL a cubrir por mobilidade. A citada oferta foi publicada no BOP número 122 de data 01/07/2026 e no DOG número 151 de data 12/08/2026.

3º.- Ante a urxencia para proceder a cubrir a citada praza ó tratarse dun sector de carácter prioritario, e prevéndose a finais deste ano a xubilación de varios membros do corpo de policía local o que dificultaría a prestación deste servizo, solicitouse a reunión da Comisión de Seguimento do citado Convenio co obxecto de outorgar a debida autorización ó Concello de Ribeira para tramitar o proceso selectivo para cubrir en propiedade a mencionada praza de policía local, polo sistema de mobilidade.

4º.- Na data 23/09/2026 asínase a "*Acta da Comisión de Seguimento do Convenio de colaboración asinado entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Ribeira para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e ás prazas de auxiliares de policía local*", na que se autoriza ó Concello de Ribeira para a realización dun proceso selectivo de provisión por mobilidade, na categoría de policía local, con medios propios deste Concello.

5º.- Por Providencia de Alcaldía de data 29/09/2026, disponse que se proceda á iniciación do procedemento administrativo para a cobertura en propiedade dunha praza de POLICÍA LOCAL (persoal funcionario/a de carreira), a cubrir polo sistema de mobilidade, en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2026.

6º.- Mediante oficio de data 06/10/2026, en cumprimento do artigo 32.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, e con anterioridade á súa aprobación, remítense á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior as bases que has de rexer a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de policía local (reservada a mobilidade horizontal), en desenvolvemento da OPE 2026, para o seu preceptivo informe.

7º.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/10/2026 co número 2026 00025690, remítese polo Subdirector xeral de Interior e Seguridade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o informe sobre adecuación á normativa de coordinación de policías locais de Galicia das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión de prazas do corpo da policía local, no que se formulan as seguintes observacións:

- **Requisitos das persoas aspirantes (cláusula 3**): Os requisitos de participación veñen recollidos no artigo 43 da LCPL, formulados especificamente para o sistema de mobilidade e, polo tanto, dirixidos a persoas aspirantes que se atopan en situación de servizo activo. Esta circunstancia debería terse en conta na formulación da relación de requisitos incluída na base 2, que, entendemos, debería limitarse aos previstos expresamente no citado artigo 43.
- **Tribunal (cláusula 8):** Na cláusula 8, relativa ao Tribunal cualificador, e sen prexuízo dos preceptos normativos que se citan, considérase conveniente incorporar unha referencia expresa ao artigo 34 da LCPL, por ser a normativa específica aplicable. En canto á composición paritaria do Tribunal, deberán terse en conta os termos de esixencia que, ao respecto, resultan do artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- **Nomeamento e toma de posesión (cláusula 12):** Considérase conveniente que na regulación do réxime de nomeamento e toma de posesión se faga unha

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

mención expresa ao disposto no artigo 43.7 da LCPL: "*o persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas".*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.
- Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.
- Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- **Plantilla de persoal.**

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), prevé que as entidades locais aprobarán anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. Engade o artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que a elas se unirán os antecedentes, estudios e documentos acreditativos de que se axustan ós mencionados principios.

A diferencia da relación de postos de traballo regulada nos artigos 90.2 da LRBRL, e 126.4 do TRRL, a plantilla non determina as características esenciais dos postos de traballo, nin os requisitos para a súa ocupación, sendo a súa finalidade a ordenación orzamentaria; é por tanto consubstancial coa potestade de autoorganización prevista nos artigos 4.1a) da LRBRL e 4.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O TS entende que a plantilla non se aproba como un acto ou documento separado dos orzamentos, senón que forma parte dos mesmos e ten principalmente efectos económicos (Sentenzas do TS de 18/07/1990 e de 03/02/1997).

Tamén considera que debe comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aínda que non sexan permanentes (Sentenza do TS de 12/12/1997).

No caso que nos ocupa a praza de policía local obxecto deste expediente, está incluída no cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2026 aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 28/05/2026, e publicado no BOP número 119 de data 26/06/2026, polo que se estaría a cumprir con este requisito.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

SEGUNDA.- **Relación de Postos de Traballo.**

Respecto á relación de postos de traballo, o artigo 90.2 da LRBRL, prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4 do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estraño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturen a súa organización a través das RPT *"u outros instrumentos organizativos similares."*

No caso que nos ocupa, a citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, polo que tamén se estaría a cumprir con este requisito:

Código:	09.132.00.06
Denominación:	Policía Local
Tipo	Funcionario
Escala/Subescala/Clase/Categoría:	Escala de Administración Especial, Subescala de servizos especiais.
Grupo:	C1
Nivel:	18
Provisión:	C
R.N.:	R.N.
Titulación:	Bacharelato, Técnico FP ou equivalente
Formación Específica:	
Administración:	A.L.
Observacións:	Traballo a quendas

TERCEIRA.- **Oferta de emprego público.**

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2026, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicarase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2026, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición a que se refire o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e que comprende, entre outras, a seguinte praza:

Natureza	Denominación da praza	Código RPT	Número de prazas ofertadas
Funcionaria	Policía local	09.132.00.06	1 (Por mobilidade)

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 151 do 12 de agosto de 2026, e no Boletín Oficial da Provincia número 122 do 01 de xullo de 2026.

Polo exposto, estase a cumprir co requisito da existencia da OPE na que se inclúe a praza obxecto deste informe.

CUARTA.- **Principios dos procedementos de selección.**

A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

QUINTA.- **Sistemas selectivos.**

No presente caso, trátase da cobertura en propiedade, dunha praza de policía local, en desenvolvemento da OEP do ano 2026, polo que cómpre ter en conta a normativa específica de aplicación, tal e como dispón o artigo 7 da Lei 2/2015 , do 29 de abril, do emprego público de Galicia: *"1. O persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e por esta lei, coas*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

especialidades reguladas no seu título X. 2. O persoal dos corpos de policía local réxese, ademais de pola normativa mencionada na alínea anterior, pola lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica, a cal regulará as demais especialidades do seu réxime xurídico".

A normativa específica na Comunidade Autónoma de Galicia ven constituída pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, e demais normativa de desenvolvemento, tal e como o Decreto 243/2008, do 16 de outubro ou a Orde do 28 de xaneiro de 2009.

A este respecto, o artigo 32 da Lei 4/2007 dispón que*: "1. Os sistemas de selección para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local serán acordes cos principios seguintes: a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; b) Mérito e capacidade; c) Publicidade das convocatorias e das súas bases; c) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección; e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver; h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos. 2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria, como mínimo, deben conter: a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, o corpo e, de ser o caso, a escala, ou a categoría laboral; b) As condicións e os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes; c) O sistema selectivo aplicable, coa indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos; d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial; e) A orde de actuación das persoas aspirantes; f) O réxime aplicable ao órgano de selección; g) As características, os efectos e a duración dos cursos e/ou do período de prácticas que deban realizar, de ser o caso, as persoas seleccionadas. Ós efectos do previsto no artigo 16. a), os concellos remitirán as bases das convocatorias, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ó centro directivo competente en materia de coordinación de policía locais para a emisión do correspondente informe, que terá carácter preceptivo y será emitido nun prazo de 10 días, a contar desde o día seguinte ó da recepción das bases polo centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais. 3. As convocatorias e as súas bases publicaranse no boletín oficial da provincia, así como un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado, en que aparecerá , en todo caso, o concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen as probas selectivas e as persoas participantes. 4. As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria. Así mesmo, incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. 5. Por vía regulamentaria fixaranse os programas dos temarios para o ingreso na categoría de policía, os baremos dos concursos de méritos e os programas dos cursos selectivos que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública. 6. Os concellos poderanlle solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza. 7. Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración. 8. Pódense convocar procesos selectivos conxuntos para o ingreso en diversos corpos ou escalas do persoal funcionario."

O artigo 35 da referida lei recolle que: *"1. O ingreso na categoría de policía realizase polo sistema de oposición libre. 2. O modo de ingreso por oposición libre require, ademais da superación das probas selectivas que estableza a convocatoria, aprobar un curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e superar un período de prácticas. A avaliación do curso de formación e o período de prácticas debe restrinxirse aos méritos e ás capacidades profesionais. 3. As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico. Nelas incluírase, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega, a través da celebración dun exame, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. 4. Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente."*

O artigo 43, referido á mobilidade, dispón o seguinte*: "1. O persoal funcionario de carreira dos corpos de policía local de Galicia pertencente ás categorías de policía, oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente poderá participar nos procesos de provisión de postos vacantes da súa mesma categoría noutros corpos de policía local da comunidade autónoma. 2. A estes efectos, os concellos reservarán, como mínimo, un vinte cinco por cento das prazas vacantes que se oferten para a súa cobertura por mobilidade. Cando non fose posible cubrir as vacantes coa porcentaxe sinalada, as fraccións sobrantes acumularanse á seguinte ou seguintes convocatorias. 3. A provisión por mobilidade de postos correspondentes ás distintas categorías dos corpos de Policía local de Galicia levarase a cabo mediante o procedemento de concurso, de acordo co baremo establecido polo centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais. Nestes supostos, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto polo sistema de mobilidade debe permanecer nel un mínimo de tres anos para poder participar nos concursos regulados neste artigo. 4. Para participar nos procesos de mobilidade ás prazas vacantes ofertadas, será necesario reunir os seguintes requisitos: a) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría da praza ofertada; b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na mesma categoría; c) Levar mais de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino; d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación; e) Estar en posesión da titulación académica esixida para a categoría ou estar en condicións de obtela; f) Calquera outro requisito específico que garde relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desenvolver. 5. Os efectos do previsto no artigo 16.a) os concellos remitirán as bases das convocatorias, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ó centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais para a emisión do correspondente informe, que terá carácter preceptivo e será emitido nun prazo de 10 días, a contar desde o día seguinte ó da recepción das bases polo centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais. 6. Os destinos adxudicados no concurso serán irrenunciables, agás que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obtivese outro destino mediante convocatoria pública. Neste caso, deberase optar e comunicar a opción elixida. 7. O persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas. 8. A Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas*

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

vacantes que se vaian a cubrir polo sistema de mobilidade naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración."

Enténdese que, este expediente, cumpre co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na Lei 4/2007 de coordinación de policías locais, así como coa súa normativa de desenvolvemento, de aplicación aos procesos selectivos para a provisión das prazas de policía local.

SEXTA.- **Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.**

Cómpre ter en conta o disposto no apartado Tres, punto 3, do artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que ten carácter básico: *"3. La validez de la tasa autorizada estará condicionada, de acuerdo con el artículo 70 del texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público: a) A que las plazas se incluyan en una Oferta de Empleo Público que deberá ser aprobada por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año. b) A que la convocatoria de las plazas se publique en el Diario Oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, debiendo asegurar su ejecución en el plazo máximo de tres años."*

Neste sentido, enténdese que, neste expediente, cumpriuse co disposto no artigo 20 Tres punto 3 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, xa que a Oferta de Emprego Público para o ano 2026 foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026, e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 122 do 01/07/2026 e no DOG número 151 do 12/08/2026 , isto é, antes da finalización do ano 2026

Agora cómpre proceder á súa total execución coa convocatoria das prazas que aínda non foron convocadas, como é neste caso a praza de policía local.

SÉTIMA.- **Órgano municipal competente.**

O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, maría Sieira Ríos, de data 20/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a provisión en propiedade dunha praza de Policía local (funcionario de carreira) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2026, e reservada para a mobilidade horizontal, e tendo en conta o informe emitido polo subdirector xeral de Interior e Seguridade, rexistrado de entrada na data 19/10/2026 co número 2026 00025690.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no "*Boletín Oficial da Provincia*" de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

Cuarto.- Remitir o acordo de aprobación das presentes bases á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en aplicación do artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

BASES DA CONVOCATORIA, PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE, DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) POLO SISTEMA DE MOBILIDADE E POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO. OPE 2026.

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026 e publicada no DOG número 151 do 12/08/2026 e no BOP da Coruña número 122 do 01/07/2026, e réxese polas seguintes normas:

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria garantindo o disposto no artigo 43.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais, a provisión por mobilidade dunha praza de POLICÍA, pertencente ó cadro de persoal de funcionarios de carreira, encadrada na escala de Administración Especial, subescala de servicios especiais, escala básica, categoría policía, grupo "C1".

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

2ª.- SISTEMA DE PROVISIÓN.

Establécese para a súa provisión o sistema de concurso de méritos mediante o procedemento de mobilidade horizontal para permitir o acceso dende outros corpos da Policia Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proceso de provisión por mobilidade efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co baremo de méritos que se recolle na base novena, que non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes.

3ª REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

3.1. Para tomar parte no proceso de mobilidade, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar en situación administrativa de servizo activo na categoría de policía noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.
b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía.
c) Levar mais de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
e) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 03 de maio, de educación.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

3.2. Os requisitos das persoas aspirantes establecidos no punto anterior desta base acreditaranse da seguinte forma:

a) Os establecidos nos apartados a), b), c) e d), do punto anterior mediante certificación expedida polo concello no que o/a aspirantes presta os seus servizos.

b) O establecido no apartado e) do punto anterior mediante copia do título oficial esixido para a participación neste proceso de provisión, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse a certificación do Ministerio con competencias en materia de educación en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

c) O establecido no apartado f) do punto anterior mediante declaración xurada da persoa aspirante.

3.3. Todos estes requisitos deberán acreditalos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

4ª.- DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 16,23 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame**
  - A liquidar: **Grupo C ou asimilado**
  - Observacións: Nome da praza á que se opta

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*Imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor/a Alcalde/sa, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (https://sede.ribeira.gal).

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, que deberá ir debidamente cuberta e asinada, os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI.
b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
c) Certificado acreditativo no que conste que se cumpran os requisitos contemplados na base 3, apartado 3.1, letras a), b), c) e d).
d) Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.
e) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa dos méritos deberase presentar na orde en que figura cada un dos méritos na relación dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP e taboleiro de anuncios (sede electrónica). As relativas a resolución ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 5ª desta Convocatoria.

A información de carácter persoal contida nas publicacións que se realicen será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

7ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Posteriormente, o/a Alcalde/sa declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Na mesma resolución, o/a Alcalde/sa determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

8ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

De conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, os órganos de selección serán designados pola alcaldía correspondente de acordo cos seguintes principios:

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición haberá de axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, tendéndose, así mesmo, á paridade entre muller e home.
2. Non poderá formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaboraran durante ese período con centros de preparación de opositores.
3. A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.
4. Ós órganos de selección estarán constituídos por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.
5. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.

En canto á composición paritaria do Tribunal, teranse en conta os termos de esixencia que, ao respecto, resultan do artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente.

9ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O procedemento de selección no sistema de mobilidade será o de concurso de méritos, que consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polos/as aspirantes, de acordo co baremo que se recolle a continuación e determinado no Anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, que non terá carácter eliminatorio.

Ao ser este procedemento de concurso de méritos o único procedemento empregado, a puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación, adxudicándolle a praza ofertada, ó/á aspirante con puntuación máis alta.

Soamente se terán en conta os documentos acreditativos que as persoas aspirantes presentaran ata o peche do prazo de presentación de solicitudes, sen que se poidan presentar méritos en período de alegacións.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.

A. <u>Titulacións académicas oficiais.</u>

- Título universitario de posgraduado, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

B. <u>Antigüidade.</u>

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis (6) meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis (6) meses, prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis (6) meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario/a de carreira.

C. <u>Formación e docencia.</u>

<u>C.1. Formación profesional continua</u>:

C.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

C.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso e os cursos necesarios para a obtención das titulacións xa valoradas no apartado A (Titulacións académicas), nin a superación de materias deles.

C.2. Docencia:

C.2.1. A participación como profesor/a en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

C.2.2. A participación como profesor/a en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvolvidos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste epígrafe deberán acreditarse mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

D. Distincións e recompensas oficiais.

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

E. <u>Idiomas.</u>

O coñecemento doutro idioma distinto do español e do galego, acreditado por certificado de escola oficial de idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.
- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos

b) Niveis.
- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

F. <u>Lingua galega.</u>
- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 4: 1,00 punto.
- Anterior curso de iniciación: 0,75 puntos.
- Anterior curso de perfeccionamento: 1,00 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00 puntos

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

No proceso de valoración poderá recabarse formalmente dos/as interesados/s as aclaracións, ou no seu caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

A puntuación obtida por cada candidato/a publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Contra a valoración provisional, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Cando das reclamacións efectuadas ou de detectar de oficio o tribunal algún erro na puntuación doutra persoa aspirante diferente á reclamante, notificaráselle tal circunstancia á persoa interesada, outorgándolle un prazo de cinco días hábiles para que, si o desexa, efectúe alegacións ó respecto, con carácter previo á publicación da valoración definitiva.

No caso de producirse empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata que se produza o desempate:

a) Preferencia pola muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, segundo o cal o empate resolverase a favor da muller

b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de xeito sucesivo.

c) Puntuación máis alta referida ós méritos no apartado de formación e docencia.

d) Posesión de titulación académica de maior nivel.

e) Sorteo. No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes, cuxa realización

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

anunciarase, para a posible presenza dos/as aspirantes afectados/as, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), cunha antelación mínima de 48 horas.

10ª.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA PRAZA OFERTADA E LISTA DE RESERVA.

Ó/á aspirante coa puntuación máis alta, adxudicaráselle o posto ofertado.

A este respecto, o tribunal proporá ó órgano convocante e fará pública a relación das persoas aspirantes que serán propostas para a adxudicación dos postos convocados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de postos convocados.

En ningún caso poderá o tribunal, propoñer a adxudicación de postos a un número de aspirantes superior ao de postos convocados por mobilidade. Calquera proposta de adxudicación de postos que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

O tribunal poderá declarar desertos aqueles postos obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertos na súa finalización por non solicitar a participación no proceso de provisión por mobilidade un número suficiente de aspirantes.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ou de propostos como adxudicatarios/as, en que figurarán aqueles/as aspirantes que, aínda que sexan admitidos/as ao proceso de provisión, non resulten propostos/as como adxudicatarios/as por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de postos convocados.

En todo caso, de conformidade co artigo 40 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, o persoal funcionario que participe simultaneamente neste proceso de mobilidade e noutro ou mais procesos de mobilidade horizontal está suxeito as seguintes obrigas:

1. Comunicar a cada concello afectado a súa participación en procesos idénticos noutros concellos, de xeito que se poida ter en conta esta circunstancia por cada concello, no suposto de resultar seleccionado, antes de ditar a proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal.
2. Comunicarlle por escrito ao concello en que non vaia tomar posesión, antes da proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal, a renuncia a ela.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento ou adxudicación dos postos, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o/a aspirante proposto/a como adxudicatario/a non chegue a tomar posesión deberá substituílo polo/a seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada.

En todo caso, os destinos adxudicados no concurso son irrenunciables, agás que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se tivese obtido outro destino mediante convocatoria pública, sempre que ese outro destino se obtivese con posterioridade á proposta de resolución deste proceso. Neste caso, deberase optar e comunicar a opción elixida. Unha vez comunicada esta circunstancia a este Concello, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública. O tribunal, realizará neste suposto unha segunda, e, no seu caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que houbese obtido a seguinte mellor cualificación no concurso.

A relación de propostos/as como adxudicatarios/as publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

11ª.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS/AS ASPIRANTES PROPOSTOS/AS POLO TRIBUNAL CUALICADOR.

A relación de propostos/s como adxudicatarios/as, publicada conforme á base décima conterá unha advertencia recordándolles os/as aspirantes propostos/as que deberán presentar, no rexistro do Concello de Ribeira, dentro do prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte á devandita publicación, copia dos documentos acreditativos que se sinala a continuación:

- Número de afiliación á seguridade social.
- Certificado de conta bancaria da que sexa titular e no que aparezan tódolos dixitos da referida conta.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Agás causa de forza maior, se dentro do prazo indicado os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados/as nin adxudicados/as nos postos, se prexuízo das responsabilidade en que poidan incorrer por falsidade. Neste caso procederase de conformidade coa base décima.

12ª.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Recibida a proposta de aspirantes propostos/as polo tribunal, e unha vez achegada a documentación sinalada na base anterior, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como funcionario/a de carreira do Concello de Ribeira do/a aspirante proposto/a, notificándollo a tal efecto.

Esta resolución da alcaldía publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

As persoas adxudicatarias cesarán no prazo de cinco días seguintes á publicación da resolución da alcaldía no Boletín Oficial da Provincia, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cesamento.

O Concello de procedencia das persoas adxudicatarias faranse cargo das retribucións ata o día de cesamento incluído, e este Concello a partir dese momento.

En todo caso, os prazos para as datas do cesamento e da toma de posesión comezarán a contar unha vez que rematen os permisos ou licenzas que tivese concedidos ás persoas interesadas.

Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo do prazo para a toma de posesión iniciarase a partir da correspondente alta.

Non obstante, no caso de licenzas ou permisos vinculados ao embarazo, parto e posparto, nacemento de fillo/a, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, a persoa funcionaria poderá cesar no posto que ocupa con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, e continuará o desfrute do permiso ata a súa finalización.

O persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas.

O destino adxudicado será irrenunciable, agás que con anterioridade á finalización do prazo de toma de posesión se obteña outro destino mediante convocatoria pública sempre que ese outro destino se obtivese con posterioridade á proposta de resolución deste proceso, casos nos que se poderá optar entre os postos adxudicados, estando obrigados a comunicar por escrito a opción realizada ao Concello de Ribeira. Como o destino é irrenunciable nos termos expostos, é por esta causa pola que nos termos do artigo 93.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e o Concello de Ribeira, instará do órgano competente para elo, a súa declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

13ª.- NORMAS FINAIS

Primeira.- As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ó tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

O tribunal cualificador queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso de provisión.

Segunda.- Este proceso rexerase polo establecido nestas bases e para o non previsto estarase ó disposto na/o:

a) Constitución Española.
b) Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
c) Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
d) Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
e) Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
f) Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.
g) Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

h) Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

i) Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade dos corpos de policías locais para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Tribunal de Instancia da Sección do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS		
APELIDOS E NOME:		
DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		

DATOS DA PRAZA
DENOMINACIÓN: POLICÍA LOCAL
GRUPO: C1
CÓDIGO RPT: 09.132.00.06

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

EXPOÑO:
Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, polo sistema de MOBILIDADE, da praza antes referida incluída na oferta de Emprego público do Concello de Ribeira para o ano 2026, publicada no BOP da Coruña número 122 de data 01/07/2026: **DECLARO** reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma. **SOLICITO** a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.
Documentación que se achega xunto coa solicitude: ➢ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo. ➢ DNI ➢ Certificado acreditativo no que consten que se cumpran os requisitos contemplados na base 3, apartado 3.1, letras a), b), c), e d). ➢ Relación dos méritos. ➢ Documentación acreditativa dos méritos alegados. ➢ Outra (indicar):
Lugar, data e sinatura:

27.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIBEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro. A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, sinala no seu artigo 38.1 que os produtores do produto deben cumprir coas súas obrigacións a través de sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP). Así mesmo, a citada lei e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, determinan que corresponde ás entidades locais a obrigación de xestionar os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos.

Segundo. O Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases, obriga aos produtores a financiar e organizar a recollida e tratamento dos residuos de

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

envases dun só uso. Para tal fin, prevese a celebración de convenios entre os sistemas colectivos (SRAP) e as administracións públicas cando estas interveñan na organización da xestión dos residuos, formalizándose preferentemente a través das autoridades competentes das comunidades autónomas.

Terceiro. Consta a formalización do "Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de Residuos de Envases Domésticos de Vidro dun só uso" (neste caso, con Ecovidrio).

Cuarto. Consonte a estipulación segunda do devandito Convenio Marco, as entidades locais que o desexen poderán adherirse a este convenio. Para iso, as EELL, tras os trámites legais internos que resulten en cada caso de aplicación, adheriranse a este convenio. O anexo 8, «Adhesión das entidades locais ao convenio. Selección e cambio da modalidade de xestión», que acompaña ao convenio, detalla a información pertinente tanto no referente á documentación requirida coma ao procedemento habilitado para o efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Concello de Ribeira ostenta competencias exclusivas en materia de xestión de residuos domésticos e municipais en virtude do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en concordancia co previsto na lexislación sectorial de residuos básica estatal.

Segundo. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a aprobación do presente acordo de adhesión a convenios de colaboración con outras administracións e organizacións, de conformidade coas atribucións delegadas e as previstas na lexislación de réxime local vixente.

En atención ao exposto, o Concelleiro de Limpeza Viaria e Xestión de Residuos eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte:

RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitido ao respecto polo Concelleiro Delegado de Limpeza Viaria, Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 14/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro. Aprobar a formalización da adhesión voluntaria do Concello de Ribeira ao "Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de Envases Domésticos de Vidro dun só uso".

Segundo. Asumir integramente o contido do convenio marco e comprometerse a cumprir con todas as obrigas e condicións establecidas nel.

Terceiro. Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ribeira para a sinatura do Modelo de Convenio de Adhesión e de cantos documentos electrónicos ou físicos sexan precisos para a total efectividade e posta en marcha deste acordo.

Cuarto. Determinar que, no relativo á modalidade organizativa para a xestión dos REDV, o Concello de Ribeira opta pola opción recollida no epígrafe 1.2 da estipulación segunda do Convenio: **o SRAP organiza totalmente e financia ("Ecovidrio Recoge").**

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Nesta modalidade, de conformidade co artigo 29.8 do Real decreto 1055/2022, as EELL non interveñen na organización da xestión dos REDV e son os SRAP os que asumen todas as operacións de xestión dos REDV (incluída a súa recollida separada, transporte, e tratamento). Así mesmo, os SRAP asumirán a limpeza, o mantemento e a reparación dos contedores que instalasen na vía pública para a recollida separada. Con respecto á recuperación e separación por materiais dos REDV da fracción resto, o SRAP poderá asumir a recuperación e separación por materiais dos REDV da fracción resto, así como a súa venda se así se acorda en cada caso. Todo iso realizarase a través de xestores de residuos cos que asinasen acordos nos termos establecidos no artigo 21.1 d) do real decreto e na súa correspondente autorización ou comunicación previa.

De acordo co disposto no artigo 34.6 do real decreto, os SRAP financiarán todos os custos inherentes á devandita xestión, incluída, de ser o caso, a parte do custo do imposto sobre o depósito de residuos en entulleira correspondente aos REDV recollidos separadamente. Así mesmo, incluirase o importe da amortización e da carga financeira do investimento que sexa necesario realizar en material móbil e en infraestruturas, e teranse en conta os ingresos por venda de materiais dos REDV recuperados.

Quinto. Proceder á notificación e remisión por medios electrónicos do presente acordo, xunto co formulario de solicitude e documentación anexa requirida, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para que proceda á súa validación e posterior comunicación ao SRAP adherido.

28.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O MUSEO ETNOGRÁFICO - CENTRO RECREATIVO DE ARTES

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 14/10/2026, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico-Centro Recreativo de Artes.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en manter aberta ao público a exposición das súas pezas durante un ano, deseñar e celebrar un programa de visitas guiadas e posicionar o museo como referente para o coñecemento da historia e a vida cotiá do municipio.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio regulador Subvención Nominativa co Museo Etnográfico – Centro Recreativo de Artes cuio período de execución das actividades obxecto desta colaboración é o comprendido de 01 de novembro de 2025 ata 31 de outubro de 2026.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

29.- SOLICITUDE CESIÓN DE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014-2020

Visto o escrito presentado por Miguel Ángel Iglesias Romero en representación do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014-2020, de data 15/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.494), no que solicita a cesión de uso da sala con cociña do Mercado Municipal de Ribeira, con fin de dar difusión ao programa formativo do "Proxecto Feito co Mar", o día 30/10/2026 en horario de 17:00 h. a 19:00 h.; así como o acceso á sala con cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

-**Autorizar** a cesión de uso da sala con cociña do Mercado Municipal de Ribeira, con fin de dar difusión ao programa formativo do "Proxecto Feito co Mar", o día 30/10/2026 en horario de 17:00 h. a 19:00 h.; así como o acceso á sala con cadeiras.

30.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA O OUTORGAMENTO DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS E PARELLAS. ANO 2025

Vista a proposta de inicio de expediente subvencionador do Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 16/10/2026, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas individuais e parellas que destacaron na súa faceta competitiva durante o ano 2025, para apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/10/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas individuais e parellas que destacaron na súa faceta competitiva durante o ano 2025.

31.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA CLUBS DEPORTIVOS. EXERCICIO 2026

Vista a proposta de inicio de expediente subvencionador do Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 16/10/2026, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de subvencións para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2026 polos Clubes Deportivos do Concello de Ribeira.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/10/2026.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de subvencións para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2026 polos Clubes Deportivos do Concello de Ribeira.

32.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – José María Tercero Paulo (RETABLO)

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **José María Tercero Paulo**, en representación do establecemento hostaleiro **Café Bar Retablo**, de data 19/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.731), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 30 e 31/10/2026, en horario de apertura.

33.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTE MUNICIPAL PARA CONSELLO ESCOLAR – Colexio Público Frións

Visto o escrito presentado por Josefa María Otero Callón en representación do **Colexio Público Frións**, de data 19/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.720), no que solicita a designación dun representante municipal para formar parte do Consello Escolar do Colexio Público de Frións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Nomear a Juana María Brión Santamaría, Concelleira Delegada de Educación, Formación e Promoción da Lingua do Concello de Ribeira, como representante municipal para formar parte do Consello Escolar do Colexio Público de Frións.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DA PISCINA "MARÍA VILAS" DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA Á "ASOCIACIÓN DEPORTIVA, CULTURAL AROUSAMAN – MANOLO O NACHO"

LOGO DE VER que D. Juan Ramón Martínez Saíñas, en representación da "Asociación Deportiva, Cultural, Arousaman – Manolo o Nacho" presenta escrito de data 10/10/2026, con número de rexistro de entrada municipal 25225, solicitando:

"EN CALIDAD DE PRESIDENTE DE LA ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL AROUSAMAN MANOLO O NACHO (ADC AROUSAMAN), CON CIF G70589304 Y DOMICILIO EN AV DO MALECON Nº 63. 4º PISO 15960 EN LOCALIDAD DE SANTA EUGENIA DE RIVEIRA (A CORUÑA), EXPONGO QUE CON MOTIVO DEL DÍA NACIONAL DEL DAÑO CEREBRAL ADQUIRIDO EL PRÓXIMO 26.10.2026 Y CON EL OBJETIVO DE VISIBILIZAR EL DAÑO CEREBRAL ADQUIRIDO, SENSIBILIZAR Y HACER DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DE ESTA DOLENCIA Y PROMOVER HÁBITOS DE VIDA SALUDABLES, SOLICITAMOS: DOMINGO 25.10.26, EN

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

PISCINA DE RIBEIRA, ***DISPONER DE DOS CALLES LIBRES PARA 25 NADADORES, PEGADAS Y UNA DE ELLAS EN UN LATERAL O PARED. HORARIO DE 11:00 A 13:30 AM. USO DE VESTUARIO".***

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias;* artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
   "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. A piscina municipal "María Vilas", non ten actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
4. En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar 2 rúas da piscina municipal ao público durante o período de cesión.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 19-10-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes de data 19-10-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar o uso da piscina municipal "María Vilas" á "Asociación Deportiva, Cultural, Arousaman – Manolo o Nacho", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso de vestiarios e 2 rúas das instalacións da piscina municipal (rúas 5 e 6), será só para o **domingo 25 de outubro de 2026, de 11.00 a 13.30 horas.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, …).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

35.- DACIÓN DE CONTA DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES/DINAMIZACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe presentado pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, relativo ás actividades educativas e de dinamización do uso do galego no mes de outubro de 2026, coa coordinación do Servizo de Normalización Lingüística.

36.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: SEMINARIO FRAUTÍSIMAMENTE

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** da Concelleira Delegada de Educación, Fomación e Promoción da Lingua, Juana Brión Santamaría, de data 19/10/2026, no que no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto "Seminario Frautísimamente".

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo polo Interventor e Tesoureiro Municipal, Pablo Bao castro e Félix Manuel Carrasco del Pozo, de data 19/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos:**

SEMINARIO FRAUTÍSIMAMENTE	DURACIÓN CLASE POR ENCONTRO	OINTE	PREZO XERAL MODELO 1	**PREZO ALUMNADO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA MODELO 1**	PREZO XERAL MODELO 2	**PREZO ALUMNADO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA MODELO 2**
INSCRIPCIÓN SEMINARIO COMPLETO **(3 ENCONTROS)**	Modelo 1 60 minutos Modelo 2 45 minutos	45,00 €	180,00 €	**150,00 €**		**110,00 €**
INSCRICIÓN POR ENCONTRO	Modelo 3 60 MIN Modelo 4 45 MIN	15,00 €	68 €	**58,00 €**		**43,00 €**
* O Número de horas lectivas en cada encontro non poderá superar as 15.						

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do servizo organizador da actividade (Cmus Profesional de Ribeira "Enrique Paisal").

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

37.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 21/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por Juan Ramón Martínez Saiñas, en nome da Asociación Deportiva Cultural Arousaman, interesando dispor da Sala Polivalente do Auditorio Municiapl de Ribeira para realizar unha xornada informativa con motivo da celebración do Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido, o vindeiro 26 de outubro de 2026 ás 18.30 horas.

Achega memoria descritiva do programa, obxectivos, lema do evento "Unha persoa con dano cerebral adquirido está recontruíndose e é perigosísima: arousawoman e arousaman", escaleta, estimación da participación de 100 a 150 persoas así como identificación dos poñentes e hora.

Precisa a disposición da sala desde ás 17 a 22 horas, además de persoal de control audiovisual, de son e luces.

Considerando que:

a) Trátase dun evento que organizado por unha entidade sen ánimo de lucro do municipio que ten interese en celebrar unha efeméride oficial Día Nacioal do Dano Cerebral Adquirido.
b) A xornada educa a poboación sobre os factores de risco e sirve de guía para fomentar hábitos de vida saudable, desfrutar do tempo de lecer a través da práctica deportiva, disfrutar de espazos do medio natural coidados e protexidos.
c) A data de celebración deste programa axústase á disponibilidade do Auditorio Municipal.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición:

- *Instalación municipal: Auditorio de Ribeira. Sala Polivalente.*
  Luns 26 de outubro de 2026 de 17.00 a 22.00 horas.
- *Servizos de bedelía e limpeza.*
- *Trasladar esta petición á área municipal de deportes para que atenda a necesidade do servizo de asistencia técnica de son e iluminación.*
- *Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporal aos vehículos da organización que o puderan precisar."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

I. Autorizar o Uso Temporal da Sala Polivalente do Auditorio Municipal de Ribeira á Asociación Deportiva Cultural Arousaman de Ribeira o vindeiro 26 de outubro de 2026, de 17.00 a 22.00 horas, para realizar unha xornada informativa (18.30-21.30h) con motivo da celebración do Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido conforme o programa presentado polo solicitante.
II. Servizos de conserxe e limpeza.
III. Trasladar esta petición á área municipal de deportes para que atenda as necesidades do servizo de asistencia técnica de son e iluminación.
IV. Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporal aos vehículos da organización que o puderan precisar.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

- Notificar o acordo ao interesado xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioracións que podería orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respectar os límites de capacidade.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as **normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I),** e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carriños de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

38.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA ACCIÓN SOCIAL EXERCICIO 2026

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 21/10/2026, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2026.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/10/2026.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2026.

39.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.S.M.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 21/10/2026, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.S.M.**, mediante escrito de data 16/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.572).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Marta Álvarez González, de data 16/10/2026, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **M.S.M.** unha axuda económica consistente no pago de 350,00 € (50,00 €/noite), en concepto de aloxamento urxente por causa grave.

40.- SOLICITUDE EXHUMACIÓN CORPO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Lourenzo Fernández Prieto (USC)

Visto o escrito presentado por **Lourenzo Fernández Prieto** (Catedrático de Historia Contemporánea da USC e investigador responsable do equipo do Plan de Memoria Democrática de Galicia 2027), de data 20/10/2026, no que solicita autorización para a exhumación dos restos de C.L.N., enterrados no Cemiterio Municipal de Ribeira, co fin de obter unha mostra de referencia para un estudo de parentesco a través de identificación xenética, con V.L.N. Actuación inscrita na colaboración entre a Xunta de Galicia e a USC en materia de memoria democrática, no marco do convenio correspondente á anualidade 2026 do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a exhumación dos restos de C.L.N., enterrados no Cemiterio Municipal de Ribeira, co fin de obter unha mostra de referencia para un estudo de parentesco a través de identificación xenética, con V.L.N. Actuación inscrita na colaboración entre a Xunta de Galicia e a USC en materia de memoria democrática, no marco do convenio correspondente á anualidade 2026 do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

CSV: 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D680300R7A5F4F7S0O1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 22/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 22/10/2026 14:53:03

DOCUMENTO: 20261927171
Fecha: 22/10/2026
Hora: 14:53